



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 19 de decembro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 12 de decembro de 2018.
2. Apróbase inicialmente o proxecto de urbanización “Paseo marítimo Alcalde Blanco en Marín – Pontevedra”, no marco da Estratexia DUSI Marín 2020, cofinanciada mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.
3. Requírese xustificación de ofertas incursas en presunción de anormalidade no expediente de contratación das obras de “Mellora e renovación do alumeadado público exterior A Brea-Ameal”, incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta da concesión de subvención ao Concello de Marín, por importe de 132.139,19 €, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, con destino ó financiamento das obras de “Pavimentación da rúa do Alcalde Ezequiel Massoni”.
5. Dáse conta das bases reguladoras do programa “Pontegal 2018”, da Deputación de Pontevedra.
6. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2019, Liñas 2 e 3, da Deputación de Pontevedra.
7. **Rogas e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Solicítase subvención, por importe de 156.069,17 euros, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, con destino ó investimento “Sistema de retención de sólidos no aliviadoiro e equipos para incrementar caudais de impulsión da estación de bombeo de augas residuais da Goleta”, comprometendo o Concello a achega de 5.804,07 euros con cargo a fondos propios.
2. Dáse conta da concesión de subvención, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao Concello de Marín, para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, por importe de 12.016,82 euros, correspondente ao 34% dos custos laborais totais derivados da contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local por período dun ano.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

